



O ensino público precisa sumar, non dividir

A realidade sobre a folga do 25 de setembro. O profesorado merece información veraz, unha estratexia clara e non accións illadas.

A única forma de facer presión é evitando os enfrontamentos entre sindicatos e buscando a colaboración para conseguir obxectivos comúns, tal e como se fixo noutros territorios e, non hai moito tempo, tamén na nosa Comunidade.

Desde **CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP** queremos comezar poñendo en valor o esforzo que supuxo para milleiros de docentes galegos e galegas secundar a folga do pasado 25 de setembro. Sabemos ben que tomar a decisión de parar un día implica sacrificio persoal e económico, mais tamén demostra o compromiso co ensino público e coa mellora das condicións laborais de quen o sostén día a día.

Unha convocatoria unilateral e excluín-te

A folga foi convocada en solitario pola CIG Ensino o 1 de setembro, mesmo abandonando inicialmente ás organizacións acompañantes de anteriores folgas e mobilizacións. Con todo, o STEG sumouse finalmente a esta convocatoria, cousa que non fixo CSIF *“por considerar que este tipo de accións illadas fragmentan o sector e restan forza ás demandas do profesorado”*.

Tanto CCOO Ensino como ANPE e UGT-SP **fomos vetadas** para participar nela, **baixo a condición inasumible de que antes retirásemos a nosa sinatura do [Acordo sobre medidas de mellora](#)** asinado coa Consellería a finais de 2023.

Iso suporía algo ilóxico, obrigar a todo o sistema educativo galego a renunciar a avances xa conseguidos (baixada progresiva de ratios, non eliminación de unidades, incrementos salariais, redución da carga lectiva en Infantil e Primaria, etc.). Algo que a maioría de compañeiros e compañeiras rexeita de pleno, *“melloras si, pero sen renunciar ao xa acadado”*.

O valor da unidade fronte á estratexia electoral

Razóns para protestar hai, e tamén para mobilizarse. Pero o que precisa o ensino público galego non son accións illadas, nin movementos de cara á galería. Precísase **unha estratexia común, planificada e que implique á comunidade educativa no seu conxunto: profesorado, familias e sindicatos.**



A unidade de acción sindical e os acordos entre distintas organizacións co obxectivo claro de conseguir melloras e avances reais son posibles, se hai vontade e non intereses alleos. Así o demostra a colaboración entre as nosas tres organizacións (CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP).

Convocar unha folga sen consenso, excluindo deliberadamente a outras organizacións sindicais e condicionando a participación á renuncia de avances xa conquistados, é unha mostra de irresponsabilidade sindical que pon en risco a credibilidade das mobilizacións e desprotexe ao profesorado. A CIG Ensino e o STEG, ao priorizar a confrontación sobre a unidade, debilitan a capacidade real de presión e desorientan a quen sostén día a día o ensino público galego.

Non se trata de establecer un calendario de accións **deseñado só para “facer ruído” no ano previo ás eleccións sindicais de decembro de 2026** e agochar desta maneira a inacción, incapacidade para negociar e os nulos avances conseguidos nos últimos anos por quen convocou esta folga.

Desde CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP deixamos claro que **non compartimos esta forma de facer sindicalismo, máis centrada en confrontar cos demais sindicatos que en sumar forzas para conseguir avances reais**. Os últimos avances no eido educativo en todo o Estado chegaron grazas ao poder que outorga a unión de forzas.

Datos reais fronte a manipulacións interesadas

Como sindicatos serios, agardamos o tempo necesario para recoller **datos de practicamente a totalidade dos centros de Galicia (97,73 %)**, contrastados directamente cos equipos directivos, a fonte máis fiable de información que podemos ter.

- Criticamos que a Consellería publicase un **14,8 % de seguimento** só con datos da primeira hora, ignorando as diferentes realidades da xornada laboral do profesorado. Na folga do 24 de outubro de 2023 a cifra “oficial” foi do 15 % e, un mes máis tarde, o 28 de novembro dese mesmo ano, a cifra “oficial” baixou a un 10 %.
- Ao mesmo tempo, **rexecemos a manipulación das organizacións convocantes**, que desde o primeiro momento proclamaron **máis dun 60 % de seguimento** sen contar con información real, e mantiveron esa cifra mesmo días despois. Do mesmo xeito, as dúas convocatorias de **folga de finais de 2023** tamén se definiron como “grandes éxitos de seguimento” e os resultados obtidos foron nulos.

A verdade é que ese 60 % non se sostén, por moito que nos gustaría que así fose, mais esta realidade é froito dunha folga convocada sen consenso. Os datos que manexamos aproximan a participación ás cifras oficiais, sen seren tan baixas como sinala a Administración, pero moi lonxe da versión distorsionada difundida pola CIG e o STEG.



Ademais, entre a primeira e a segunda xornada de folga do ano 2023, houbo un descenso aproximado do 33 % no seguimento, **algo que podería volver ocorrer se se continúa pola vía da falta de unidade.**

*Consulta as seguintes **gráficas** cos percentís de seguimento por centros, para que cada quen poida sacar as súas conclusións de maneira transparente e rigorosa e comparar con aqueles centros que coñeza de primeira man.*

1. [Centros tipo EEI, CEIP, CEP, CRA e CEE](#)
2. [Centros tipo CPI](#)
3. [Centros por intervalos](#)
4. [Resto de centros intervalos](#)

Respecto ao profesorado

CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP sempre tratamos ao profesorado como persoas adultas, que merecen información veraz e non propaganda interesada. **Non facemos "antisindicalismo" e por iso non fixemos públicos os datos centro por centro, nin nesta folga nin noutras anteriores (outubro e novembro de 2023).**

O poder de mobilización do profesorado debe preservarse e nutrirse con información contrastada. Por este motivo publicamos a mínima información necesaria para facilitarlle ao profesorado a maior transparencia posible.

O noso compromiso

Seguiremos facendo sindicalismo útil, combinando negociación, mobilización e a vía xudicial para avanzar en dereitos.

APOSTAMOS POLA UNIDADE DE ACCIÓN, tanto no ámbito galego como no estatal, para desenvolver plenamente o xa pactado, consolidar o acadado e abrir camiño a novos avances que fortalezan o ensino público e melloren as condicións laborais do persoal educativo.

👉 Máis información: [ANPE sempre apostou pola unidade de acción sindical.](#)